Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da atención relixiosa no Servizo Galego de Saúde

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 18877 (11/POC-003202)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a listaxe de persoas que integra o programa de asignación de recursos en materia de dependencia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 18878 (11/POC-003203)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 4 máis

Sobre o peche de camas hospitalarias e a redución da actividade hospitalaria durante os meses de verán na área sanitaria de Vigo e a súa derivación a Povisa

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 18879 (11/POC-003204)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre a redución da actividade hospitalaria durante os meses de verán

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 18880 (11/POC-003205)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para ampliar a rede de puntos de encontro familiar e actualizar a súa normativa

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 18881 (11/POC-003206)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego respecto do reforzo dos servizos de información e atención a mulleres en situación de violencia machista

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 18882 (11/POC-003207)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre o número de maltratadores que teñen recoñecido en Galicia o dereito a visita aos nenos e nenas e que acoden aos puntos de encontro familiar

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 18883 (11/POC-003208)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre o censo único de persoas usuarias de residencias de maiores anunciado pola Xunta de Galicia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 18886 (11/POC-003209)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 4 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para articular respostas eficientes e eficaces para a estabilización dos empregados e das empregadas da Administración autonómica e dos organismos autónomos, logo do consenso cos representantes das persoas traballadoras afectadas, e as medidas que vai adoptar para que non se xeren novas bolsas de emprego público temporal fóra dos supostos en que sexan necesarias e se reúnan os requisitos de temporalidade

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 18888 (11/POC-003210)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre a previsión da Xunta de Galicia de aprobar un regulamento de desenvolvemento da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, en consenso coas asociacións e cos demais axentes implicados

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 18890 (11/POC-003211)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 4 máis

Sobre as políticas públicas dirixidas a impulsaren o acceso da mocidade á vivenda e ao emprego

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 18892 (11/POC-003212)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para mellorar a asistencia sanitaria no municipio de Poio

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 18894 (11/POC-003213)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis



Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da continuación do proxecto de reurbanización do barrio de Monteporreiro, en Pontevedra, no ano 2021
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 18896 (11/POC-003214)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do inicio, no ano 2021, da execución do proxecto de construción dunha escola infantil da rede A Galiña Azul no concello de Salceda de Caselas
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 18898 (11/POC-003215)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do restablecemento da atención pediátrica que se viña prestando ata xuño de 2020 no Centro de Saúde de Monteporreiro, en Pontevedra, así como respecto da cobertura das prazas vacantes de persoal facultativo e de enfermaría
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 18900 (11/POC-003216)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para manter pechada desde o ano 2009 a casa da Quintán, no concello de Ponte Caldelas

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 18902 (11/POC-003217)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre a elaboración por parte da Xunta de Galicia, en coordinación cos diferentes colexios de avogados do territorio, dun protocolo de saúde e prevención de riscos laborais para que as letradas e os letrados da quenda de oficio poidan prestar a súa función en condicións seguras para a saúde
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 18904 (11/POC-003218)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre a petición de desculpas por parte do presidente da Xunta de Galicia en relación co cuestionamento público do labor exercido polos corpos e forzas de seguridade durante esta pandemia

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 18906 (11/POC-003219)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a actuación do Goberno da Xunta, a través de Portos de Galicia, para levar a cabo un acondicionamento do paseo marítimo de Raxó que garanta a seguridade viaria das persoas viandantes e dos vehículos que transitan por esta calzada

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo



- 18907 (11/POC-003220)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do mantemento do proceso completo do cribado de cancro de mama e da cobertura das prazas baleiras do Servizo de Radioloxía no Hospital da Mariña

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 18908 (11/POC-003221)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para evitar a denegación de días libres para o persoal da sanidade pública de Lugo

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 18909 (11/POC-003222)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia respecto dos permisos de maternidade e paternidade nas familias monoparentais

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2021

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 7ª., Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

Existen varias fontes de formación oficial para o persoal do Servizo de Incendios:

1.-Os seis centros de formación agroforestal da Consellería do Medio Rural situados en Guísamo, Becerreá, Sergude, Ribadeo, Monforte y Lourizán.

Ofertan unha variedade de cursos entre as ensinanzas regradas e a non regradas, tamén chamadas de formación continua.

Considera este grupo parlamentario que hoxe se encontran infrautilizados pola Consellería do Medio Rural, a pesares de estar dotadas de profesorado especializado, así como instalacións ben dotadas para impartir cursos especializados para o persoal do SPIF.

2.- Egap: Escola Galega de Administración Pública

3.- Agasp: Academia Galega de Seguridade Pública

Esta última, é unha escola específica de formación destinada ás emerxencias, nela impártese formación aos seguintes corpos: - Policía - Garda Civil - bombeiros - xuíces, maxistrados - GES - Protección Civil .

Contan tamén cunhas instalacións óptimas para impartir formación ao Servizo de Incendios Forestais da Xunta.

Foi, tras anos de reivindicacións cando a partir de 2018 se levou a cabo un acordo entre Agasp e Medio Rural e comezaron a darse de maneira tímida algo máis de oferta de formación a persoal de brigadas do SPIF.

Os cursos que se deron nos tempos previos á pandemia eran no número de prazas ofertadas escaso, debido a que o servizo está formado por en torno a 3.000 efectivos (2.995 segundo Pladiga 2020).

Na actualidade, en tempos de pandemia polo SARS-COV-2, a opción á que acudiu Medio Rural foi ao da teleformación da Agasp, que a pesar da plataforma



sinxela e de fácil acceso para formar a máis profesionais que de maneira presencial, volveu a dar formación a contagotas, cunha oferta escasa e de escaso contido:

Formación en liña 2020:

- Seguridade en incendios forestais: 240 prazas
- Manexo de aplicacións cartográficas: 50 técnicos
100 axentes
- Xestión de comunicacións: 105 emisoristas
- Grandes incendios forestais: 60 técnicos
90 axentes

Cun dispositivo de 3.000 efectivos, vese unha oferta bastante escasa debido ao baleiro formativo de tantos anos e sobre todo ao cambio nas emerxencias que estamos tendo na actualidade, con incendios de cada vez maior intensidade e xa descritos como lumes de 6ª xeración.

Ademais disto, estase vendo como o SPIF é un dispositivo versátil e con gran capacidade de adaptación a calquera tipo de continxencia no medio rural, podendo dar resposta non só ás labores silvícolas ou de loita contra incendios. Os SPIF conta con profesionais con alto grao de vocación de servizo público e de estar onde a sociedade os necesita en cada momento

Facendo unha aposta clara para mellorar o servizo e a capacidade de resposta ás continxencias no medio natural e rural, cremos que debería ter unha maior oferta e máis especializada de prazas e ámbitos de formación que non sexan as de dar ano tras ano a física básica do lume

Feito criticado polos profesionais, que a maioría coincide en que se está a impartir ano tras ano formación en incendios de 1ª xeración cando xa se vai pola 6ª.

Así as cousas o servizo necesita unha programación concreta e planificada de formación e protocolos, consolidados con exercicios de simulacros a nivel de distrito ou provincial, para unha boa anclaxe de conceptos e poder dar unha resposta organizada e profesional, que é o obxectivo principal que perseguen estes profesionais.

Reflectimos algunhas das necesidades formativas:



- Incendios en entorno de Interfaz Urbano-Forestal, seguridade e operacións (non nos esquezamos da ola de incendios acaecida en outubro do 2017).
- Condución de vehículos todoterreo
- Protección de edificacións en incendios forestais
- Comunicacions e manexo de aplicación cartográficas
- Uso do lume técnico e queimas prescritas
- Mobilización de medios para incendios
- Coordinación en grandes incendios forestais (>500 ha)
- Busca de persoas desaparecidas no medio rural
- Achiques e inundacións
- Actuacións en episodios de fenómenos meteorolóxicos adversos - manexo do estrés en situacións de emerxencia.
- Defensa verbal e resolución de conflitos no ámbito forestal para brigadas

O que se persigue o persoal é sobre todo dar un servizo versátil, e temos uns profesionais dispostos, feito demostrado nos centos de desinfeccións que realizaron de maneira voluntaria nos peores meses da pandemia, realizadas en colexios, residencias xeriátricas e centros de saúde.

En definitiva, o protocolo a seguir cremos que non debería ser outro que:

1. Cubrir necesidades de formación ampliando a oferta formativa non só en prazas, senón en ámbitos formativos, acordes ás novas necesidades de solución de emerxencias que ten a Administración e a sociedade.
2. Consolidación dos coñecementos mediante simulacros reais, que ben puidesen ser impartidos nos centros de formación agroforestal da Consellería do Medio Rural, no que se dispoñen de terreos con superficie suficiente para tal fin.
3. Establecemento en relación ca aprendizaxe, de novos protocolos.
4. Todas as actividades que sexan encamiñadas ao anclaxe e consolidación, co aumento de calidade de servizo público.

Todas estas medidas son prioritarias e se poden por en marcha a maior brevidade, en contraposición as anunciadas polo conselleiro do Medio Rural en relación ao centro de formación específico para Bombeiros Forestais, que manifestou que sería un centro de referencia en despregues, demostrando que non coñecen as necesidades formativas do persoal, que dista moito dos “despregues”, termo que nin existe no Pladiga.



Polo exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego da infrautilización dos seis centros de formación agroforestal da Consellería do Medio Rural situados en Guísamo, Becerreá, Sergude, Ribadeo, Monforte e Lourizán?

2ª) Ten pensado o Goberno galego impartir formación para o persoal do SPIF nos seis centros de formación agroforestal da Consellería do Medio Rural situados en Guísamo, Becerreá, Sergude, Ribadeo, Monforte y Lourizán, xa que contan con persoal docente e con instalacións adecuadas ?

3ª) Ten pensado o Goberno galego elaborar un calendario de reunións cos sindicatos máis representativos do sector nas que se trate a problemática da escasa formación do persoal do SPIF, co fin de elaborar un protocolo de formación que cubra as necesidades formativas do persoal ampliando a oferta formativa non só en prazas, senón en ámbitos formativos, acordes ás novas necesidades de solución de emerxencias que ten a Administración e a sociedade, aproveitando os seis centros de formación agroforestal da Consellería do Medio Rural situados en Guísamo, Becerreá, Sergude, Ribadeo, Monforte y Lourizán, así como a Escola Galega de Administración Pública e a Academia Galega de Seguridade Pública?

Pazo do Parlamento, 19 de xullo do 2021

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 19/07/2021 11:31:30

Martín Seco García na data 19/07/2021 11:31:39



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Paloma Castro Rey, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Os programas integrados de emprego (PIE), defínense como instrumentos dirixidos á mellora da ocupabilidade e inserción laboral durante un período de doce meses, de 100 persoas demandantes en situación de desemprego.

Estas subvencións da Consellería de Emprego financian o desenvolvemento de programas en colaboración coas entidades locais galegas e con entidades sen ánimo de lucro.

No marco destes programas o Concello de Salceda de Caselas solicitou a concesión dunha subvención para a posta en práctica dun programa integrado de emprego durante os anos 2020 e 2021, ao abeiro da Orde do 27 de decembro de 2019.

En data 27 de decembro de 2020 resólvese a solicitude anterior, pola Dirección Xeral de Formación e Colocación de conformidade co establecido no artigo 10 da Orde de 27 de decembro, na que consta que a puntuación acadada polo expediente referenciado (45,40 puntos) non é suficiente para a obtención da condición de entidade beneficiaria, posto que de acordo coas dispoñibilidade orzamentarias da orde, a puntuación mínima para a obtención de subvención foi de 58,47 puntos polo que se resolveu a non concesión a entidade promotora concello de Salceda de Caselas, por non acadar a puntuación suficiente para a obtención de condición de entidade beneficiaria.

É preciso resaltar que no Programa Integrado de Emprego desenrolado polos mesmos promotores (Concello de Salceda de Caselas) de 100 persoas desempregadas inseríronse 58, e traballaron nalgún momento do programa 73.

Por outra banda, pódese comprobar como nin a provincia de Ourense, nin a provincia de Lugo se lles concedeu ningún PIE, no caso de Pontevedra foron só dous e en Coruña cinco.



En resumo, foron para o ano 2020-2021, 7 PIE concedidos a concellos, e 21 concedidos a entidades sen ánimo de lucro, o que implicou un sorprendente cambio de criterio da Consellería de Traballo respecto a anos anteriores, criterio que non comparte este grupo parlamentario, agravado polo momento tan crítico en materia de emprego que estamos a vivir provocada pola pandemia Covid-19, que incide mais se cabe no entorno rural. Deixa a Consellería ás entidades locais, a Administración máis próxima ás persoas desempregadas, e as empresas das zonas afectadas que realizan convenios de colaboración coas empresas, sen armas de loita contra o desemprego, sen políticas activas e sen programas, que tiñan resultados de inserción por riba do esixido na propia orde.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai o Goberno galego da denegación pola Consellería de Emprego do Programa Integrado de Emprego (PIE) presentado polo Concello de Salceda de Caselas e da aprobación dun PIE para a Fundación DOMUSVI?
2. Que razóns levaron á Consellería de Emprego a rebaixar de 20 a 7 os programas integrais de emprego (PIE) concedidos a entidades locais este ano 2020?
3. Cantas solicitudes de entidades locais foron rexeitadas este ano 2020 de PIE e relación das mesmas?
4. Que razóns levaron a Consellería de Emprego o cambio de criterio no reparto dos programas integrados de emprego, minorando os concedidos as entidades locais en beneficio de asociacións sen ánimo de lucro, na maioría empresariais, nun contexto de crise económica, sanitaria e de emprego como o que estamos a vivir?

Pazo do Parlamento, 19 de xullo do 2021

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Paloma Castro Rey
Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 19/07/2021 11:58:37

Paloma Castro Rey na data 19/07/2021 11:58:45

Marina Ortega Otero na data 19/07/2021 11:58:52

Julio Torrado Quintela na data 19/07/2021 11:59:01



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela, Juan Carlos Francisco Rivera e Marina Ortega Otero, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

A rede de centros para a Modernización e a Inclusión Tecnolóxica (Red CeMIT) é, segundo consta na súa propia páxina *web*, unha iniciativa posta en marcha pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) da Xunta de Galicia.

A rede, caracterízase por impartir actividades formativas no campo da alfabetización dixital e de capacitación dixital avanzada, impulsando, potenciando e difundindo os coñecementos nas tecnoloxías da información e comunicación da cidadanía galega.

Conta coa colaboración de 92 concellos galegos. Está integrada por 98 aulas, chegando a todos os puntos da xeografía galega, de tal maneira que todo galego/a ten un aula a media hora de distancia do seu fogar e pode acceder á formación dende calquera punto. E todas as aulas están equipadas coa última tecnoloxía, internet e sistemas de videoconferencia.

As aulas CeMIT, reiteramos, están repartidas por toda Galicia e funcionan sobre a base de convenios entre os concellos e a Xunta de Galicia. En Ourense existe un Aula CeMIT que leva en funcionamento oito anos, radicada nos últimos tempos no centro da Molinera.

O Concello de Ourense, anunciaba a finais de ano a decisión de suspender esta actividade para segundo manifestaba o seu alcalde, centrar os seus esforzos no centro de intelixencia artificial que pretende pór en marcha no edificio da Molinera.

Desaparece, por decisión discrecional do alcalde e non compartida por este grupo parlamentario, unha aula que servía para fomentar a alfabetización dixital dos colectivos con dificultades neste ámbito. Un centro de referencia en Galicia, cun alto nivel de actividade, que contou dende o ano 2012 ata a actualidade de máis de 5.000 usuarios en concreto a ano 2020, a pesares da situación sanitaria, tivo máis de douscentos usuarios e cinco actividades formativas.



Por iso as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego da decisión do alcalde do Concello de Ourense de suprimir a aula CeMIT dependente da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), centro cualificado como de referencia en Galicia e que tivo dende o ano 2012 ata a actualidade máis de 5.000 usuarios?

2ª) Que medidas alternativas pensa adoptar a Xunta de Galicia respecto da decisión do alcalde de Ourense de suprimir a aula CeMIT dependente da Axencia para a Modernización tecnolóxica de Galicia (Amtega), co fin de dotar a cidade de Ourense do necesario servizo de impartición de actividades formativas no campo da alfabetización dixital e da capacitación dixital avanzada, impulsando, potenciando e difundindo os coñecementos nas tecnoloxías da información e comunicación da cidadanía ourensá?

Pazo do Parlamento, 19 de xullo de 2021

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 19/07/2021 12:00:24

Julio Torrado Quintela na data 19/07/2021 12:00:34

Juan Carlos Francisco Rivera na data 19/07/2021 12:00:42

Marina Ortega Otero na data 19/07/2021 12:00:50



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero, Juan Carlos Francisco Rivera, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Acerca das obras realizadas pola Consellería de Infraestruturas en Ourense, no entorno do pavillón dos Remedios, indicar que primeiro foi a reforma integral do pavillón dos Remedios, cuxa obra foi recepcionada con múltiples eivas de accesibilidade e defectos construtivos, que motivaron que se tivera que adiar incluso a súa apertura ao público tras denuncias realizadas polo Partido Socialista e por centrais sindicais con representación no Concello de Ourense. Unha reforma insuficiente que agora ten que ser complementada a través do orzamento do Consello Municipal de Deportes para o arranxo das pistas exteriores por importe de 240.000 €.

Posteriormente, outra actuación no mesmo entorno, como é o proxecto dun novo Skate Park, concretamente no parque do Couto, este grupo político solicitou que se buscaran alternativas para a súa situación ante os posibles danos que podía ocasionar a este pulmón verde da nosa cidade que tamén contaba co rexeitamento veciñal e das persoas usuarias do parque.

Unha vez iniciadas as obras, desenvolvendo a Xunta de Galicia as peticións do Partido Socialista en Ourense, e defendendo o Partido Popular que este era un gran proxecto que non ocasionaría danos e que beneficiaría ás persoas usuarias de deportes deste tipo, puxemos de manifesto a parálise que presentan e a inutilidade e insuficiencia desta nova infraestrutura, que ademais foi refrendada polas propias usuarias, que xa barallaban a posibilidade de ter que desprezarse ás novas instalacións deste tipo que se abrirán ao público en Pereiro de Aguiar.

Recentemente, o propio PP, que defendía a capa e espada o novo Skate Park, levou unha iniciativa ao Pleno do Concello de Ourense, para demandar a construción doutro novo, auto emendándose e recoñecendo que este non chega nin atende ás necesidades dos usuarios e usuarias, pero sen asumir que se equivocaron e que foi unha oportunidade perdida por unha mala planificación estratéxica.



En canto a este novo futuro Skate Park, asistimos con asombro a como o alcalde Pérez Jácome anunciaba esta fin de semana que barallaba outro parque, o das letras, ou ben Barrocás, coma futura situación, unha vez máis de costas á veciñanza e ás persoas usuarias, e sen visión de futuro.

Cremos que a cidade non se pode converter nun tetris de pezas sen sentido e que se debe planificar e executar novas infraestruturas da man dos afectados e tamén dos grupos políticos, antes de poñer en marcha calquera actuación.

Os feitos demostran que a Xunta de Galicia e o PP actuaron desta maneira e agora temos que asumir dotacións que poden caer no abandono, malgastando diñeiro público e poñendo en risco ou esnaquizando zonas verdes e espazos de espaxamento urbanos.

Finalmente, dentro tamén destas obras no entorno do pavillón dos deportes, proxectadas pola Xunta de Galicia, atopámonos co levantamento dunha plataforma de formigón a carón da Ponte Romana, ante o que prevemos que pode ser outro mamotreto sen sentido que xa se levou por diante as árbores da zona e que pode afean un dos monumentos emblemáticos da nosa cidade e por en risco a súa protección e posta en valor.

Non entendemos que se perda esta oportunidade histórica para de verdade acondicionar un entorno tan importante para o desenvolvemento urbano de Ourense, no que nin tan sequera se incluíu no proxecto das obras o arranxo da beirarrúa sita no barrio da Ponte ao inicio da Ponte Romana, pechada despois de dous anos e con riscos de derrubamento e no que se están a executar tamén accións de saneamento inapropiadas que terán consecuencias no futuro.

En definitiva este último é un exemplo máis da política en materia de infraestruturas da Xunta de Galicia en Ourense, avalada con pleitesía polo Partido Popular, e polo exposto as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Vai a Xunta de Galicia a redefinir a planificación das obras a realizar pola Consellería de Infraestruturas no entorno do pavillón dos Remedios, nomeadamente no entorno da ponte romana e futuro parque Skate Park?

Pazo do Parlamento, 19 de xullo do 2021





Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 19/07/2021 12:04:25

Marina Ortega Otero na data 19/07/2021 12:04:33

Juan Carlos Francisco Rivera na data 19/07/2021 12:04:41

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/07/2021 12:04:50

Patricia Otero Rodríguez na data 19/07/2021 12:05:00



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

Galicia conta hoxe con 3.326 montes coa consideración de monte veciñal en man común, que ocupan unha superficie total de 663.488,96 hectáreas, o que fai unha media de 219,48 hectáreas por este tipo de propiedade colectiva tan común en Galicia, estendéndose por 248 dos 316 concellos de Galicia e ocupando un 25 % do territorio galego aproximadamente.

Os montes veciñais son unha forma de copropiedade xermánica, que contan cunha regulación específica, que prevé que os montes veciñais son bens indivisibles, inalienables, imprescriptibles e enembargables, dada a súa especial natureza colectiva.

A través dela xéranse importantes beneficios para o territorio dende o punto de vista social, económico e ambiental, coa súa correspondente revalorización, pero tamén como xerador de emprego, podéndose facer a través de empresas de economía local.

Estas comunidades xestionan a segunda fase do ciclo produtivo, o que supón unha transformación dos recursos dispoñibles nestes territorios e o aproveitamento forestal dos mesmos. Cabe destacar, os seguintes usos e vantaxes do monte veciñal, aproveitamentos forestais e de recursos naturais, aproveitamento gandeiro, produción e potenciación das zonas recreativas e de sendeirismo entre outras, como tamén outros usos tan frecuentes na actualidade como son os das enerxías renovables (eólicas, biomásas..).

As comunidades de montes se ocupan da administración e usos dos montes co obxectivo de manter e conservar a súa diversidade, produtividade e capacidade, mediante un aproveitamento responsable e sostible, dende un punto de vista ecolóxico, social e cultural, sempre refrendado pola aprobación destes usos pola Asemblea xeral de comuneiros.

A pesares do antedito a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio a reactivación económica de Galicia no seu artigo 53 .1



lexisla sobre a concorrencia de utilidade ou interese públicos con montes veciñais en man común, afectou a estas entidades no caso que un proxecto de instalación enerxética afectase aos montes veciñais en man común.

Con esta lei pérdense dereitos recollidos polas comunidades en canto se declara que un proxecto de utilidade pública pode acabar en expropiación, perdendo o dereito de prevalencia do monte común ,que lle outorgaba unha certa protección, ante posibles accións contra estes espazos comunados.

Advirten os sindicatos agrarios e asociacións de persoas propietarias o que pode acontecer é que non se estudará cada caso e se fose preciso, realizaríase un acto de expropiación neses terreos aludindo a un interese “*público*”.

Por exemplo, esta lei podería favorecer a instalación de aeroxeneradores eólicos, saltando o acto de prevalencia do monte e da comunidade que o aproveita.

Segundo o Decreto 260/1992 polo que se aproba o regulamento da Lei 13/1989, no seu artigo 53 establece a figura da concesión temporal dos terreos. Así existen concesións por 30 anos para edificacións e de 10 para usos agrarios, por exemplo e sempre coa comunidade reunida en asemblea. En ambos casos pódese renegociar ou prorrogar o período temporal. O problema viría, dunha perda da “memoria histórica” dos dereitos comunais sobre os terreos. Isto é, unha concesión por 30 anos ou de 50 si se chegan a aplicar a determinados aproveitamentos (mineiras por exemplo) podería ser un período en que ninguén reclame como monte común o terreo en concesión, por tanto, a concesionaria podería manobrar para quedar coa propiedade do monte.

Con esta normativa , o monte en común encara un futuro incerto logo de case mil anos de pervivencia.

As diferentes modificacións legais sobre esta figura fan sospeitar a persoas vinculadas a movementos de protección do MVMC, sobre o desexo de intereses privados para acaparar estes terreos que na actualidade están cualificados como de especial protección forestal. Coa peculiaridade que aqueles terreos que antes eran improditivos, onde os montes non se podían cultivar ou plantar árbores por culpa do vento, agora son rendibles precisamente pola forza eólica. A perda destes montes sería tamén a perda dunha pegada importante da historia de Galicia



e da súa economía segundo sindicatos agrarios, expertos en aproveitamento forestal e gandeiro e movementos ambientalistas.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai a Consellería de Medio Rural sobre a aprobación da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio a reactivación económica de Galicia, concretamente do seu artigo 53 e as consecuencias que vai ter sobre os Montes Veciñais en Man Común?
2. Considera a Consellería de Medio Rural que a aprobación da Lei de simplificación administrativa vai afectar ao dereito de prevalencia do monte común que lle outorgaba unha certa protección ante posibles accións contra estes espazos comunados?
3. Establecendo a Lei 13/1989, do 10 de outubro de Montes Veciñais en Man Común que o aproveitamento e disfrute dos MVMC corresponden en orixe exclusivamente á comunidade titular e se fará segundo as normas recollidas nos seus estatutos, nesta lei e disposicións que a desenvolven, de que forma entende a Consellería de Medio Rural se van a desenvolver ditos aproveitamentos coa entrada en vigor do artigo 53 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro?
4. Que interpretación realiza a Consellería de Medio Rural sobre os actos de disposición sobre os MVMC regulados no Título I da Lei 13/1989, do 10 de outubro de MVMC unha vez aprobado o artigo 53 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro?

Pazo do Parlamento, 19 de xullo do 2021

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta

Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 19/07/2021 12:07:45

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2021 13:04:26
Nº Rexistro: 18785
Data envío: 19/07/2021 13:04:26.595

Martín Seco García na data 19/07/2021 12:07:52

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGLHnbzTCy74
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

No Acordo sobre o novo modelo de Servizo Público de Emprego asinado en 2007, o primeiro que establece son os obxectivos:

- O primeiro obxectivo é a colocación dos demandantes de emprego.
- O segundo grande obxectivo é a mellora das posibilidades de colocación dos desempregados (mellora da empregabilidade). Isto supón establecer con cada demandante que aspectos debe reforzar (itinerario de inserción) e como pode facer para buscar un traballo (plan de busca de emprego).
- O terceiro obxectivo é o fomento do emprego e a estabilidade, utilizando para iso tanto medidas que incentiven como que realicen un seguimento da contratación

En relación co primeiro obxectivo sobre a colocación dos demandantes de emprego, no primeiro trimestre deste ano houbo en Galicia un total de 65.032 demandas que foron baixa por colocación. Desas demandas soamente 490 foron colocacións xestionadas polo Servizo Público de Emprego de Galicia. A capacidade de intermediación que ten o SPEG dirixido por esta conselleira é do 0,8 %. Obviamente o SPEG non cumpre co obxectivo da colocación dos demandantes de emprego.

No primeiro trimestre dos cinco últimos anos en Galicia houbo un total de 297.806 baixas de demandas por colocación; soamente 5.735, o 1,9 %, foron xestionadas polo SPEG. Se miramos aos servizos públicos de emprego das demais comunidades, sen que en ningunha se poda falar de que se acade ese obxectivo, a porcentaxe de colocacións xestionadas nos primeiros trimestres destes últimos cinco anos, entre 2017 e 2021, oscila entre o 17,1 % de Estremadura e o 2,4 % de Euskadi.



Galicia representa o 4,9 % de todas as colocacións de persoas demandantes que se producen no Estado e soamente o 1,7 % das baixas xestionadas con oferta previa. Pero parece que o grao de colocacións mediante oferta de emprego non é algo que lle preocupe á Consellería.

O segundo obxectivo é a mellora da empregabilidade das persoas demandantes artellándoa a través de itinerarios de inserción e plans de busca de emprego.

O requisito imprescindible para facer os itinerarios de inserción é ter unha análise das necesidades do mercado de traballo local do demandante. Unha análise que debe facerse a curto e medio prazo. Se non sabemos cales son as necesidades de emprego, ¿como imos facer itinerarios de inserción? O requisito imprescindible para facer os plans de busca de emprego é coñecer as competencias do demandante de emprego, o seu nivel de profesionalidade na ocupación ou nas ocupacións nas que pretende buscar emprego. Non se pode buscar emprego naquelas ocupacións nas que non hai un nivel competencial suficiente. Se non coñecemos o nivel de competencias dun demandante, como imos facer o seu plan de busca de emprego?

Ningún destes dous requisitos imprescindibles os coñecemos e, o que é moito peor, tampouco parece que dende a Consellería busquen procedementos para coñecelos. Non é a súa preocupación.

Tampouco é preocupación da Consellería nin do Goberno de Galicia gastar os fondos asignados ás políticas de emprego, ás políticas de mellora da empregabilidade. Durante o goberno de Feijóo, deixaron sen gastar 688 millóns de euros dos fondos para a formación no emprego, para parados e ocupados. Non gastaron o 43 % de todo o crédito entre 2009 e 2020, pero nos últimos catro anos esa porcentaxe subiu ata o 52,3 %, non gastaron 257 millóns de euros. Eses fondos maioritariamente proceden de transferencias finalistas do Estado.

O terceiro obxectivo é o fomento do emprego e a estabilidade. Obviamente non fai falta falar moito sobre eles. O volume de traballo que se perdeu baixo o goberno de Feijóo foi do 15,5 % do existente. Entre 2008 e 2019 perdéronse 6,7 millóns de horas de traballo, o equivalente a 178.844 postos de traballo a tempo completo, unha perda do 14,8 %. Coa pandemia, entre 2019 e 2020, a perda foi



de 313 mil horas, o equivalente a outros 8.352 postos, co que se acada a perda do 15,5 %.

Pese a ese volume de perda de traballo, tampouco foron quen de gastar os créditos dispoñibles nas políticas de fomento do emprego. Deixaron sen gastar 723 millóns de euros, o 34% do crédito que dispuxeron. Dos créditos orzamentarios que tiveron para políticas de emprego deixaron sen gastar 1.487 millóns de euros, o 36,7 % de todos os fondos que dispuxeron. Se a estes fondos lles engadimos os 53,5 millóns de euros non gastados en “Relacións laborais, saúde laboral e economía social” temos os 1.540 millóns de euros non gastados.

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que medidas pensa tomar o Goberno galego para enderezar o rumbo, tras doce anos de carencia de política de emprego, para emendar a grave desfeita que fixeron no emprego e no Servizo Público de Emprego de Galicia?
2. Que medidas pensa adoptar o Goberno galego para que o Servizo Público de Emprego de Galicia chegue a tramitar nos próximos seis meses as mesmas ofertas coa media estatal e no próximo ano se sitúe entre a media das cinco comunidades que teñen un maior volume de ofertas en relación coas colocacións?
3. Como pensan facer para gastar os orzamentos de emprego e máis nomeadamente para ofertar ás persoas demandantes de emprego as actuacións de mellora da empregabilidade acordadas no seu itinerario de inserción?
4. Como pensan recuperar o equivalente aos 178.844 postos de traballo a tempo completo perdidos entre 2008 e 2019 e os 8.352 do último ano?

Pazo do Parlamento, 19 de xullo do 2021

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta

Marina Ortega Otero

Julio Torrado Quintela

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 19/07/2021 12:10:59

Marina Ortega Otero na data 19/07/2021 12:11:07

Julio Torrado Quintela na data 19/07/2021 12:11:15



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

En outubro do ano 2020 o Grupo Parlamentario Socialista presentaba unha iniciativa en relación ao Centro de Saúde de Pereiro de Aguiar, fundamentada en que en novembro do 2017 o Goberno galego anunciaba a construción dun novo centro de saúde, ante a falta de espazos axeitados para a atención dos e das pacientes adscritos ao centro. Petición que xa fora feita polo Grupo Municipal Socialista no ano 2017, presentando ao efecto unha moción na que solicitaba a Xunta de Galicia a construción dun centro de saúde con dotación de medios materiais e humanos suficientes para as necesidades de poboación, con especialidades novas en pediatra, fisioterapia e Atención Primaria, xunto co persoal sanitario necesario, dado que o actual atopábase nunha situación precaria por falta de espazo, ocupando parte do edificio do Concello.

Foi en novembro do ano 2017 cando a Xunta de Galicia anunciaba a construción dun novo centro de saúde. En concreto na Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego, en data 14 de novembro do 2017, o xerente do Servizo Galego de Saúde, anunciaba a licitación do mesmo, despois de asinar un convenio co Concello de Pereiro de Aguiar.

A Mesa de Contratación da Axencia Galega de Infraestruturas publicou en outubro do ano 2018, a proposta de construción dos traballos a empresa gañadora do concurso, licitada por 1.124.785 euros, contando o edificio cunha superficie de 682 metros cadrados, aumentando un 54% o espazo actual, así mesmo, no interior a nova infraestrutura ten tres consultas de medicina xeral, dúas de enfermería, unha sala polivalente, unha consulta de muller, e **un área de pediatría específica de 90 m² (15 % da superficie do centro)**. En data 16 de novembro do ano 2018 se formalizaba un contrato cunha duración de 16 meses.



Na data de presentación da iniciativa e despois de dous anos de retraso, e cando despois de todo o acontecido o edificio estaba rematado pero non se procedera a súa apertura, instamos ao Goberno a súa apertura.

E de facer constar que o Concello de Pereiro conta cunha poboación de 6.275 habitantes e o centro de saúde ten adscritas 3.500 tarxetas sanitarias aproximadamente, das cales 275 pertencen a menores de 14 anos.

Seis meses despois, vémonos na obriga de reincidir neste tema por canto o servizo de pediatría, tan necesario entre a poboación de Pereiro de Aguiar, e cuxa posta en marcha se prometera polo Goberno galego xunto co servizo de fisioterapia, aínda non está operativo é polo que as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cando se vai dotar pola Xunta de Galicia o Centro de Saúde de Pereiro de Aguiar co servizo de pediatría, tal e como se comprometera o Goberno galego?
2. Cando se vai dotar o Centro de Saúde de Pereiro de Aguiar co servizo de fisioterapia?

Pazo do Parlamento, 19 de xullo do 2021

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2021 13:05:42
Nº Rexistro: 18789
Data envío: 19/07/2021 13:05:42.563

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 19/07/2021 12:13:21

Julio Torrado Quintela na data 19/07/2021 12:13:29

Marina Ortega Otero na data 19/07/2021 12:13:36

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

A actividade e xestión forestal desenvolvida polas persoas propietarias forestais é un proceso resultante dos propios intereses e circunstancias persoais, xunto coa propia dinámica económica e territorial da súa localización limitada en moitos casos por determinados condicionantes administrativos.

Os/as propietarios/as e/ou xestores forestais éelles necesario un asesoramento técnico, asistencia que debe fundamentarse nunha administración próxima co fin de realizar actividades sostibles e multifuncionais dentro do marco do desenvolvemento rural.

Os distritos forestais deben ser vistos polas persoas titulares dos montes como oficinas de asesoramento apoio á xestión técnica, servizo de formación, de información, de educación, así como tamén de inspección das axudas.

A actual organización administrativa e o peso de determinadas actividades no conxunto de traballos realizados polo persoal dos distritos forestais entre os que se atopa a inspección de curtas, co consecuente asesoramento previo técnico e profesionalización aos propietarios de montes non se reflicte en que numerosos piñeirais, están a ser cortados contrarreloxo para deixar sitio aos eucaliptos, en previsión de que a moratoria de plantación desta especie que entrará en vigor as próximas semanas.. Hai quen sinala a actual situación como produto do deixamento administrativo desde hai anos. “os propios propietarios e maderistas confirman nos medios de comunicación que están talando piñeiros incluso antes de chegar ao seu estado óptimo para plantar eucaliptos. Isto é demencial, un despropósito”.

A correcta xestión dos recursos forestais e naturais require persoal adecuadamente formado en materia de incumprimentos en materia que viren contorna á xestión forestal sostible, e no territorio onde se desenvolve esta actividade con persoal que dispoña dos coñecementos sobre o territorio forestal en aspectos tanto ambientais como de produtos forestais. A pesar de que os



axentes facultativos ambientais e forestais conviven co medio natural galego, débese incorporar medios específicos en relación cos posibles incumprimentos normativos, como o está demandando a sociedade galega, acrecentada nestes momentos pola gran cantidade de curtas que se están realizando, co fin de substituír as especies que poboan estes predios na actualidade, por *Eucalyptus nitens*.

Patricia Otero Rodríguez na data 20/07/2021 11:28:42

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/07/2021 11:28:52



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Marina Ortega Otero, Julio Torrado Quintela, Luis Manuel Álvarez Martínez e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A crise económica e social xerada pola pandemia da covid-19, vai afectar de forma moi preocupante á mocidade, entre outros aspectos, nos seus procesos de emancipación.

A necesidade de dependencia cara os pais, interrompe e demora as súas transicións biográficas (formativas, laborais e residenciais).

As dificultades que a mocidade está a vivir non se reverten unicamente na debilidade da súa autonomía persoal, senón tamén alteran o relevo xeracional na nosa sociedade e poden quebrar a sustentabilidade do noso Estado do Benestar no próximo futuro.

Os datos din que a situación, que xa non era boa, empeorou aínda máis co impacto da pandemia, xerando que en Galicia, durante os seis primeiros meses do ano 2020, a porcentaxe da mocidade emancipada reducírase nun 1 %.

Establecendo, cada vez máis, unha estrutura económica na que a emancipación xuvenil é practicamente ficticia, e que é ao final desta etapa, cando a xuventude pode emanciparse e polo tanto empezar a desenvolver unha vida plena.

A Xunta de Galicia segue sen reaccionar ante a falla de oportunidades para a mocidade, necesitamos políticas de vivenda dirixidas a mellorar a calidade do aluguer, unha regulación que permita equilibrar os prezos a unha situación real na que o mercado responda ás necesidades.



Políticas de fomento do emprego entre a xente nova, xa que o asentamento nun territorio, débese non só a razóns familiares senón que, en moita medida inflúen motivos coma as expectativas laborais ou a prolongación do itinerario curricular.

A relación do mercado laboral co feito de que unha persoa nova poida establecerse nunha vivenda independente, é moi estreita e intensificouse non últimos anos.

Actualmente, só o 18,6 % das persoas entre 16 e 29 anos de Galicia está a residir nun fogar independente.

As dúas principais características da relación das persoas mozas co mercado traballo en Galicia, son, por unha banda, a súa escasa participación no mercado de traballo e, doutra banda, a precarización das condicións laborais, reflectidas na forte incidencia da temporalidade contractual ou as xornadas a tempo parcial, máis habituais aquí que no conxunto de España.

En relación ao acceso ao mercado da vivenda para a poboación nova galega, tanto en compra como alugueiro, a realidade é que é case imposible facer fronte ao pago para unha persoa nova en solitario.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que consideración lle merece á Xunta de Galicia que a emancipación xuvenil reducírase nun 1 % neste último ano?
2. Que medidas vai implementar a Xunta de Galicia para reverter esta tendencia?



3. Cales son segundo o criterio da Xunta de Galicia os motivos que xustifican a escasa emancipación da mocidade?
4. Cree a Xunta de Galicia que a dificultade do acceso á vivenda e a falla de emprego estable son os principais motivos da escasa emancipación xuvenil?
5. Vai levar a cabo políticas públicas dirixidas a impulsar o acceso da mocidade á vivenda e ao emprego?

Pazo do Parlamento, 20 de xullo do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Luís Manuel Álvarez Martínez
Carmen Rodríguez Dacosta
Deputadas e deputados do G.P. dos socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 20/07/2021 11:54:57

Marina Ortega Otero na data 20/07/2021 11:55:05

Julio Torrado Quintela na data 20/07/2021 11:55:14

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/07/2021 11:55:20

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 20/07/2021 11:55:29



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A asistencia sanitaria no noso país esmorece, e o municipio de Poio, non é alleo a isto, a nivel sanitario leva nos abandonado, por parte da Xunta de Galicia.

Dende o ano 2015, o Sergas leva dándolle voltas a unha solución para o centro de saúde de Anafáns, non levando a cabo ningún tipo de actuación 5 anos despois.

A falla de infraestruturas sanitarias axeitadas para atender as necesidades da poboación, súmase a falla de persoal xa que o Sergas non repón as baixas laborais, nin as xubilacións, o que está a xerar un grave agravio tanto para os doentes que teñen que ven incrementadas notablemente as listas de agarda, coma para o persoal sanitario que alí traballa, que asume unha carga excesiva a consecuencia da inactividade da Xunta de Galicia.

Esta situación que leva anos acontecendo, cobra moita máis relevancia e vólvese aínda máis inaceptable na situación actual de pandemia na que nos atopamos.

Non pode pasar do ano 2021 que se constrúa un Punto de Atención Continuada (PAC) manténdose os consultorios médicos actuais de Combarro e Raxó.

Mais cando o Concello de Poio leva ofrecendo máis dun ano tres terreos para situar este novo centro de saúde, comprometéndose a poñer o terreo a disposición da Xunta de Galicia, de maneira inmediata.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai a Xunta de Galicia iniciar durante o ano 2021 a construción, dun novo PAC en Poio que cubra as necesidades da poboación?



2. Vai o Sergas a proceder, de forma urxente, a cubrir no municipio de Poio, as baixas laborais e as xubilacións, para acadar a ratio desexable de persoal sanitario por habitante?

Pazo do Parlamento, 20 de xullo do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 20/07/2021 11:59:22

Julio Torrado Quintela na data 20/07/2021 11:59:30

Marina Ortega Otero na data 20/07/2021 11:59:41



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O barrio de Monteporreiro e Pontevedra, situado ao noroeste da cidade, cunha poboación de case 5.000 habitantes, leva abandonado pola Xunta de Galicia case unha década.

No ano 2009, o goberno bipartito levou a cabo un concurso de ideas para reurbanizar o barrio de Monteporreiro, presupostado con 6 millóns de euros.

Posteriormente coa chegada á Xunta de Galicia do PP, o goberno de Feijóo apartou este proxecto, manifestando D. Agustín Hernández, que naquel tempo era conselleiro de Vivenda, que tiñan un proxecto máis ambicioso para o barrio, unha actuación para mellorar o espazo público, cun investimento de 10 millóns de euros, cuxa execución tería un carácter prioritario.

Este proxecto contaría con varias fases:

1ª Fase actuacións na rúa Alemaña, cun orzamento de 1.574.600 €.

2ª Fase actuacións na zona entre vivendas sociais e rúa Alemaña presupostado con 424.722 €.

3ª Fase actuación na zona libre entre os bloques de vivendas sociais cun orzamento de 5.055.00 €.

4ª Fase actuación na praza central e espazos libres entre a rúa Bélxica, Reino Unido, Luxemburgo e Alemaña cun orzamento de 2.022.048 €.

A pesar de tódalas presentacións, promesas e anuncios, a realidade é que unicamente executouse a primeira fase do proxecto, que rematou no ano 2013, e dende aquela, xa hai 8 anos, non volveu a levarse a cabo ningún investimento neste barrio.

Os socialistas entendemos que debe rematarse esta actuación, co fin de mellorar as condicións de vida dos veciños e veciñas deste barrio, que foi fortemente



castigado pola crise e que ten unha renda per cápita por habitante das máis baixas da cidade.

Por todo o anteriormente exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia a retomar no ano 2021, o proxecto de reurbanización do barrio de Monteporreiro en Pontevedra?
2. Vai proxectar neste ano 2021 a 2ª fase do proxecto?

Pazo do Parlamento, 20 de xullo do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Otero Rodríguez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 20/07/2021 12:04:32

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/07/2021 12:04:39

Patricia Otero Rodríguez na data 20/07/2021 12:04:49



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O municipio de Salceda de Caselas na provincia de Pontevedra, é unha das vilas con maior índice de natalidade de toda Galicia, na actualidade conta con una única escola infantil pública.

Estas dependencias resultan insuficientes para facer fronte a toda a demanda existente, o que fai que, cada ano, moitos nenos e nenas queden sen praza.

Dende o ano 2018, o Concello de Salceda de Caselas dou conta á Xunta de Galicia da necesidade de implementar nunha máis as escolas infantís deste territorio, xa que existía unha lista de agarda de case 100 nenos.

Tras varias xuntanzas, dende a Xunta de Galicia amosáronse de acordo con estas necesidade e iniciaron o proxecto para a construción desta segunda Galiña Azul, nos terreos que o Concello posúe ao lado do novo centro de saúde, na rúa Mártires de Sobredo, do que deron conta ao Concello.

Tras isto, e case 3 anos despois, non se fixo ningún tipo de actuación e dende a Xunta de Galicia non dan respostas de que aconteceu con ese proxecto.

Derivado disto o Pleno da Corporación municipal aprobou por unanimidade o pasado 30 outubro do 2020 unha moción na que novamente solicitaba á Xunta de Galicia a construción dunha segunda escola infantil de 0 a 3 anos no municipio.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Vai a Xunta de Galicia a iniciar a execución do proxecto de construción da escola infantil Galiña Azul en Salceda de Caselas, no ano 2021?

Pazo do Parlamento, 20 de xullo do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 20/07/2021 12:07:57

Marina Ortega Otero na data 20/07/2021 12:08:04

Julio Torrado Quintela na data 20/07/2021 12:08:12



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A actitude de desleixo da Xunta de Galicia coa Atención Primaria é algo que os socialistas vimos denunciando durante anos.

Isto afecta a moitas poboacións do noso rural, pero tamén a zonas urbanas como é o caso do Barrio de Monteporreiro.

Este barrio, situado no concello de Pontevedra, onde residen aproximadamente 8.000 persoas, é un dos máis poboados da cidade.

Conta cun centro de saúde, no que prestaban asistencia sanitaria: 3 médicos/as, 2 enfermeiras; 1 pediatra e 1 enfermeira de pediatría, que atendían a unha media de 800 nenos e nenas.

Pero na actualidade o cadro de persoal veuse mermada porque dende o Servizo Galego de Saúde non substituíron os traslados e xubilacións, quedando só 2 médicos/as e 2 enfermeiros/as.

Os veciños e veciñas, reclamaron en varias ocasión que se cubriaran estas baixas, tanto a nivel público, mediante concentracións como mediante escritos á Consellería de Saúde, sen obter resposta algunha, por parte da Xunta de Galicia, no que é un claro desmantelamento deste centro de saúde que está a deixar á poboación sen atención sanitaria, xa que na actualidade, por unha banda, os 2 médico teñen os cupos cheos, o que obriga a ter que desprazarse a un centro de saúde da cidade; e por outra os 800 nenos e nenas teñen que acudir ao pediatra do centro da parroquia de saúde de Lérez, cos inconvenientes que isto supón.

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten a Xunta de Galicia previsto restablecer a atención pediátrica no Centro de Saúde de Monteporreiro en Pontevedra, como se viña facendo ata xuño de 2020?



2. Ten a Xunta de Galicia previsto repoñer as vacantes dun médico/a e dunha enfermeira/o, ata cubrir o posto de 3 profesionais en cada unha das categorías?

Pazo do Parlamento, 20 de xullo do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 20/07/2021 12:10:12

Julio Torrado Quintela na data 20/07/2021 12:10:19

Marina Ortega Otero na data 20/07/2021 12:10:25



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

No concello pontevedrés de Ponte Caldelas, existe un fermoso chalé de estilo indiano situado no casco urbano, que no seu día foi cedido á Administración, polos seus propietarios para a construción dun centro de apoio a persoas con discapacidades físicas.

O inmovible foi restaurado pola Xunta de Galicia no ano 2009, no anterior goberno do bipartito, cun investimento público de 407.803 euros, facendo deste edificio un lugar accesible, dotado de tódolos servizos.

O edificio conta con varias plantas, habitacións individuais con baños adaptados, amplas zonas comúns, cociña, e un precioso xardín. Ademais de estar situado nun entorno privilexiado, cunhas preciosas vistas.

No ano 2009 produciuse un cambio de goberno e o PP deixou este proxecto abandonado, gardando a chave nun caixón e mantendo esta casa pechada.

O alcalde de Ponte Caldelas pediulle á Xunta de Galicia en moitas ocasións retomar este proxecto inicial, pero ante as dificultades expostas polo Goberno autonómico para destinalo a este fin, mudou a súa petición e solicitou á Consellería de Política Social a posibilidade de reorientalo a un centro de día para persoas maiores.

Ponte Caldelas, como outras moitas localidades do rural galego, ten unha poboación moi envellecida, e no seu municipio e incluso na bisbarra, non existe ningún centro de maiores de carácter público, pola que sería moi necesario.

Pero a pesar desta necesidade, a Xunta de Galicia, négase a abrir e dar uso a este inmovible, permanecendo o mesmo pechado, pese a atoparse en perfectas condicións, totalmente equipado para a función que se pretende e, polo tanto, apenas precisa investimento.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Por que a Xunta de Galicia mantén pechada dende 2009 a Casa da Quintán en Ponte Caldelas?
2. Ten pensado destinar este inmovible totalmente equipado para algún fin?
3. Vai a Xunta de Galicia instaurar un centro de día para maiores na Casa da Quintán en Ponte Caldelas?
4. Non cre necesario a creación dun centro de día no municipio de Ponte Caldelas, ao non existir ningún en toda a bisbarra?

Pazo do Parlamento, 20 de xullo do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 20/07/2021 12:11:14

Marina Ortega Otero na data 20/07/2021 12:11:21

Julio Torrado Quintela na data 20/07/2021 12:11:31



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Estamos a vivir un momento complicado a tódolos niveis, a pandemia da covid-19 afectou a tódolos sectores profesionais, e está a provocar un gran cambio social e económico na nosa sociedade.

Aínda que a situación na que nos atopamos será temporal mentres dure a pandemia, a realidade é que hai aspectos da nosa vida que van a ter que mudar e transformarse con carácter definitivo.

O ámbito da prevención da saúde, e un deles. Esta pandemia veu impoñer medidas de protección fronte ao contaxio que moitas delas van a quedarse, xa que supoñen directrices que reverteren nun beneficio para a nosa saúde.

Exemplo disto son moitas profesións que están a adoptar medidas de protección coas que antes nin contaban, pero que están a servir para evitar os contaxios de diferentes enfermidades e mellorar a seguridade destas persoas.

No eido da xustiza os letrados do turno de oficio prestan un servizo público esencial, que é a asistencia letrada en diferentes situacións coma pode ser dependencias policiais, nos xulgados, os cárceres....tratándose en moitas ocasións de situacións de risco, cando por exemplo esta asistencia se presta a unha persoa que padece unha enfermidade infecto contaxiosa.

A necesidade de que estes letrados/as sexan informados nos casos anteriores, e que podan dispoñer de medidas de protección, era unha eiva existente pero que cobrou máis importancia a raíz da pandemia do covid-19, sendo necesario polo tanto que nestes casos se habiliten as debidas medidas de seguridade para que o letrado ou letrada poidan realizar o seu traballo sen correr ningún risco.

A Xunta de Galicia asumidas en materia de xustiza as competencias sobre xestión de persoal e medios materiais, e polo tanto ten a obriga de garantir esta protección, coordinando cos colexios de avogados dos distintos territorios un



protocolo de actuación no que se contemplen directrices de actuación para os casos en que unha asistencia letrada poda entrañar un risco de contaxio, e a maiores ten que dotar aos distintos colexios de material axeitado para acadar esta prevención.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten pensado a Xunta de Galicia, elaborar, en coordinación cos diferentes colexios de avogados do territorio, un protocolo de saúde e prevención de riscos laborais para que os/as letrados/as do turno de oficio poidan prestar a súa función en condicións seguras para a saúde, nas asistencias letradas a persoas afectadas por unha enfermidade infecto contaxiosa ou sospeitosa de poder estalo?
2. Vai dotar, a Xunta de Galicia a estes colexios profesionais dos medios materiais necesarios para que os letrados e letradas que o precisen, poidan dar cumprimento ao reseñado protocolo de prevención?
3. Entende o Goberno da Xunta de Galicia que os letrados do turno de oficio teñen que cumprir a súa función social, cunhas garantías mínimas de seguridade sanitaria?

Pazo do Parlamento, 20 de xullo do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey

Pablo Arangüena Fernández

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 20/07/2021 12:14:45

Pablo Arangüena Fernández na data 20/07/2021 12:14:53



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

A seguridade é un ben público, unha parte esencial e necesaria do noso Estado Social, Democrático e de Dereito.

Para acadar isto, un papel fundamental o exercen as Forzas e Corpos de Seguridade, que están integradas por un extraordinario equipo humano, homes e mulleres cuxa profesión é sinónimo de vocación de servir a unha sociedade democrática para facer fronte os nosos dereitos e as nosas liberdades.

Este labor é tamén sinónimo dun compromiso que lles leva, en non poucas ocasións a poñer a súa seguridade, a súa saúde e a súa vida en risco para poder facer efectivas as nosas.

Un traballo no que destaca, entre outros principios, o de cooperación. Cooperación no eido Internacional, pero tamén coas comunidades autónomas e entidades locais, coma non pode ser de outra forma, nun Estado politicamente descentralizado. Así como tamén con carácter horizontal co conxunto da Administración Xeral do Estado, o terceiro sector e coa cidadanía ou sociedade civil.

Dende o inicio desta pandemia, os Corpos e Forzas de Seguridade, veñen desenvolvendo na nosa comunidade un labor imprescindible, mantendo a orde, garantindo a seguridade dos galegos e galegas, velando polo cumprimento das normas sanitarias, e todo isto complementado cunha labor humanitaria en hospitais, centros de maiores, domicilios persoas que viven soas..., axudando sempre que foron requiridos.

Por outra banda, é importante recoñecer tamén o importante labor que desempeñaron os/as voluntarios/as das agrupacións de Protección Civil dos diferentes territorios dentro da nosa comunidade, dirixidas polo Sistema Nacional



de Protección Civil, claves para a realización de miles de servizos humanitarios e distribución de máscaras.

Todo este labor non está a ser considerada polo Goberno da Xunta, xa que dende fai uns meses cae en continuos desprezos, cuestionando esta profesionalidade.

O último exemplo disto son as graves manifestacións do presidente da Xunta de Galicia nunha rolda de prensa do día 25 de xaneiro deste ano, onde pedía aos Corpos e Forzas de Seguridade, que sexan implacables e non teñan condescendencia coas persoas que non cumpran as medidas.

Ou na do día 27 durante a súa comparecencia no Pleno, manifestando que a Policía e a Garda Civil, así coma as policía locais actúan respondendo a intereses distintos do servizo ao Estado, á cidadanía, incumprindo así as súas responsabilidades públicas.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista non podemos consentir este desprestixio e cuestionamento cara uns profesionais que levan a desenvolver un traballo impecable durante toda a pandemia, polo tanto, entendemos que o presidente da Xunta de Galicia debe desculparse polas súas verbas e recoñecer publicamente o labor dos Corpos e Forzas de Seguridade e dos voluntarios de Protección Civil.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai pedir desculpas o presidente da Xunta de Galicia polo cuestionamento público do labor exercida polos Corpos e Forzas de Seguridade, durante esta pandemia?
2. Cree a Xunta que os Corpos e Forzas de Seguridade, non cumpren fielmente as súas responsabilidades públicas?
3. Cree a Xunta que os Corpos e Forzas de Seguridade, non son implacables e teñen algún tipo de condescendencia coa cidadanía que incumpre as normas da pandemia?
4. Cree a Xunta que os Corpos e Forzas de Seguridade, non están a súa disposición no relativo ao cumprimento das normas da pandemia establecidas polo Goberno galego?

Pazo do Parlamento, 20 de xullo do 2021





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/07/2021 12:39:41
Nº Rexistro: 18904
Data envío: 20/07/2021 12:39:41.817

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 20/07/2021 12:15:53

Pablo Arangüena Fernández na data 20/07/2021 12:16:00

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGLHnbzTCy74
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo**.

Raxó é unha parroquia do municipio de Poio, na provincia de Pontevedra, que conta con ao redor de 1500 habitantes, poboación que durante o período de verán triplícase.

Conta cun gran encanto e interese turístico, ao tratarse dun típico pobo mariñeiro galego, aspecto que fai que moita da súa veciñanza faga da restauración o seu modo de vida. Conta cun porto tradicional, que separa dous das súas praias principais, e un paseo marítimo.

No ano 2009 a Xunta de Galicia firmou un convenio polo que Portos de Galicia se comprometía a rehabilitar os peiraos de Raxó e Covelo, cun investimento de máis de 3 millóns de euros, na que se contemplaba, a mellora da seguridade peonil e viaria en ambas zonas.

Isto non se executou e ambas instalacións, sofren dende fai anos o desleixo da Xunta de Galicia, que fai máis dunha década ven prometendo o seu acondicionamento sen que isto se leve a cabo.

O paseo marítimo está sen rematar, o que fai que sexa moi perigoso camiñar pola calzada, tendo que esquivar aos vehículos.

Ao ser unha estrada de dobre sentido, en moitas ocasións, nun vial de 4 metros coinciden 2 vehículos e pións, producindo caídas á praia, atropelos leves, etc.

Durante o pasado verán foron 2 os vehículos que facendo unha manobra para poder circular caeron á praia, sen ter que lamentar danos persoais graves pero si materiais. Tamén un terceiro vehículo aparcado caeu ó praia por non existir ningunha baranda ou sistema que protexa este paseo, ocasionando danos materiais.

Ante estes acontecementos Portos de Galicia instalou recentemente uns sistemas de freado na beirarrúa, que ademais de esteticamente supón un atropelo neste



entorno mariñeiro, non compren ningunha función das que se reclamaban pola veciñanza que era lograr unha maior seguridade viaria e un sistema de contención para evitar as caídas de vehículos á praia.

Polo exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.^a) Vai o Goberno da Xunta, a través de Portos de Galicia levar a cabo un acondicionamento do paseo marítimo de Raxó que garanta a seguridade viaria dos viandantes e os vehículos que discorren por esta calzada?

2.) Vai o Goberno da Xunta, durante o ano 2021 levar a cabo a execución do proxecto de acondicionamento do porto de Raxó, de forma que cumpra o comprometido durante décadas coa veciñanza?

Pazo do Parlamento, 20 de xullo de 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Patricia Otero Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Asinado dixitalmente por:

69116





Paloma Castro Rey na data 20/07/2021 12:33:25

Patricia Otero Rodríguez na data 20/07/2021 12:33:32

Julio Torrado Quintela na data 20/07/2021 12:33:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª,** sobre a necesidade de manter o proceso completo do cribado de cancro de mama no Hospital da Mariña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O servizo de radioloxía no Hospital comarcal da Mariña en Burela leva xa varios anos sufrindo unha serie de déficits que afectan á calidade da sanidade pública mariñá e por suposto aos e ás doentes desta comarca. Isto débese ao feito de que desde hai varios anos hai dúas prazas de radioloxía que seguen sen ser cubertas por diversos motivos.

A isto temos que sumar outros casos como que as colonoscopias que se realizan tras o positivo na proba de cribado para cancro de colon fosen as primeiras que pasasen a derivarse ao HULA, a pesar de que no centro de Burela estean dotadas dúas equipas de endoscopias. Deste xeito, podemos ver un exemplo máis da política sanitaria da Xunta de Galiza consistente en baleirar de servizos os hospitais comarcais para centralizar toda a atención nos grandes hospitais das capitais de provincia, afastando a sanidade da poboación e provocando uns maiores desprazamentos aos e ás doentes do noso país.

Por desgraza, este tipo de decisións estendéronse a outro tipo de enfermidades como é a do cancro de mama, xa que a día de hoxe un grande número de mulleres están





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sendo derivadas ao HULA nos casos no que as mamografías do cribado do cancro de mama resultan dubidosas para que unha vez alí, se lles realicen diversas probas que até hai ben pouco se levaban a cabo con total normalidade no hospital mariñán.

Este tipo de decisións, ademais do xa comentado afastamento da sanidade aos doentes, traen consigo un maior sufrimento e incerteza a todas esas doentes que precisan saber coa maior das brevidades se teñen algún tipo de patoloxía canceríxena.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. Está disposta a Xunta de Galiza a manter a totalidade do proceso do cribado de cancro de mama no Hospital comarcal da Mariña sen recorrer a ningún tipo de derivación?

. Vai a Xunta de Galiza repor despois de varios anos as prazas que quedaron sen cubrir do servizo de radioloxía no Hospital da Mariña?

. Considera a Xunta de Galiza que derivar a estas mulleres ao HULA ten algún tipo de beneficio para as mesmas?

. Cal é a razón que explique as derivacións ao Hula dun proceso que se realizaba con total normalidade no Hospital comarcal da Mariña?

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Daniel Castro García**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 20/07/2021 13:09:04

María Montserrat Prado Cores na data 20/07/2021 13:09:08

Daniel Castro García na data 20/07/2021 13:09:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Carmen Aira Díaz, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O persoal da sanidade pública na Galiza vén de arrastrar unha carga de traballo inasumible en moitos momentos e lugares. En concreto no Hospital Lucus Augusti da Eoxi de Lugo, Cervo e Monforte foi referente para ingresos de UCI para O Barco, Monforte, A Mariña e Ferrol, este e outros servizos sufriron dun aumento importante da carga de traballo, como puideron ser as urxencias, atención primaria ou a planta COVID.

Seríamos inxustas senón recoñecermos o traballo do persoal do resto de servizos e hospitais da EOXI, o nivel de incerteza que había en tódalas categorías, o sufrimento do Coronavirus, o medo a contaxiar as persoas convivintes, maiores e menores foron marca de valentía e de responsabilidade, porque aínda así todo o mundo desempeñou o seu posto de traballo de maneira inmejorable.

Derivado de todo isto o SERGAS, con mellor ou peor criterio deu 3 días de descanso a unha parte do persoal para compensar o esforzo físico e mental deste persoal. Escoitamos ao Sr Conselleiro innumerábeis veces o agradecemento ao persoal, etc.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Todo está moi ben, a pandemia aínda non rematou, estase cebando nas persoas menores de 40 anos porque o resto xa fomos vacinadas, o persoal arrastra ese cansanzo físico e mental, e ao vir o verán quere solicitar os días de descanso, os ordinarios e máis os extraordinarios, solicítaos e á algunhas categorías denéganllos.

Denéganllos pola falta de previsión dende moito antes da pandemia, o verdadeiro respecto ás/ós traballadores reconéceselles mellorando as súas condicións laborais, planificando para que se poidan facer efectivos os seus descansos, pero tamén atraendo o persoal ao Servizo Galego de Saúde e para iso non queda outra que favorecer a estabilidade laboral.

O persoal de Lugo afectado polo que acabo de relatar só pide que non se deneguen días de descanso sen intentar outras maneiras de para facilitar a cobertura, isto xa se está a facer na Atención Primaria, no 061, e incluso no distrito de Monforte, onde se piden traballadoras voluntarias e de feito hainas, isto permite a organización persoal do tempo e redonda na mellora das condicións laborais.

Non podo saber que pensaría o persoal pero a máis de agradecemento non estaría de máis que houbera compensación e xustiza.

Por todo isto fórmulanse as seguintes pregunta para resposta oral na Comisión 5ª:

Vai adoptar a Xunta de Galiza todas as medidas posibles para non ter que chegar á denegación de días libres para o persoal da Sanidade Pública de Lugo, a imaxe do que está facendo noutros servizos e distritos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pensa a Xunta que as políticas para fixar persoal na Sanidade Galega son suficientes para cumprir co seu obxectivos?

Recoñecen vostedes a ausencia destas políticas e á súa vez o fracaso das mesmas?

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2021

Asdo.: **M^a Carmen Aira Díaz**
Olalla Rodil Fernández
Iria Carreira Pazos
Montserrat Prado Cores
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 20/07/2021 13:11:34

Olalla Rodil Fernández na data 20/07/2021 13:11:43

Iria Carreira Pazos na data 20/07/2021 13:11:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 20/07/2021 13:12:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5**, sobre o permiso de maternidade e paternidade nas familias monoparentais e as medidas que debe impulsar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 48 do Estatuto do traballo relativo á suspensión con reserva de traballo establece no seu apartado 4 que “o nacemento que comprende o parto e coidado de menor de doce meses, suspenderá o contrato de traballo da nai biolóxica durante 16 semanas, das que serán obrigadas as seis semanas ininterrompidas inmediatamente posteriores ao parto, que deberán gozarse a xornada completa, para asegurar a protección da saúde da nai”. A continuación, a norma sinala que “o nacemento suspenderá o contrato de traballo do proxenitor distinto á nai biolóxica durante 16 semanas, das que serán obrigadas as seis semanas ininterrompidas inmediatamente posteriores ao parto, que deberán gozarse a xornada completa, para o cumprimento dos deberes de coidado previstos no artigo 68 do Código Civil”.

Así mesmo, a disposición transitoria 13ª do Estatuto do traballo sinala que “a partir do 1 de xaneiro de 2020, no caso de nacemento, o outro proxenitor [isto é, aquel diferente á nai biolóxica] contará cun período de suspensión total de doce semanas, das que as catro primeiras deberá gozalas de forma ininterrompida inmediatamente despois do parto. A nai biolóxica poderá ceder ao outro proxenitor un período de até dúas semanas do seu período de suspensión de goce non obrigado. O goce deste período polo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

outro proxenitor, así como o das restantes oito semanas, adaptárase ao disposto no artigo 48.4 [do ET]” e que “a partir de 1 de xaneiro de 2021, cada proxenitor gozará de igual período de suspensión do contrato de traballo, incluíndo seis semanas de permiso obrigatorio para cada un deles [dos proxenitores], sendo de aplicación íntegra a nova regulación disposta no Real Decreto-lei 6/2019, de 1 de marzo”.

Recentemente, dúas sentenzas xudiciais emitidas en Galiza veñen de recoñecer o dereito das familias monoparentais a gozar dun permiso de maternidade e coidado das crianzas acumulado que suma ao tempo de suspensión da nai biolóxica o que correspondería a unha outra persoa proxenitora no caso de familias biparentais co obxectivo de blindar o interese superior do menor e os dereitos das crianzas en familias monoparentais.

Ambas as dúas sentenzas foron recorridas pola Seguridade Social.

É evidente que a normativa actual creba a igualdade entre os distintos modelos de familia e prexudica especialmente ás mulleres toda vez que elas constitúen a inmensa maioría dos fogares monoparentais (oito de cada dez) tanto en Galiza coma no conxunto do Estado español.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

. Vai reclamar a Xunta de Galiza ao Goberno español a modificación do Estatuto dos traballadores para garantir a equidade das familias monoparentais non só galegas senón do conxunto do Estado?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Vai recoñecer a Xunta de Galiza ao persoal público que conforma unha familia monoparental o dereito a ampliar até as 32 semanas o permiso por nacemento e coidado de fillas e fillos?

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG


Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 20/07/2021 13:14:15

Iria Carreira Pazos na data 20/07/2021 13:14:19

Olalla Rodil Fernández na data 20/07/2021 13:14:28





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

